



RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA FUNDACIÓN ROF CODINA, M.P., POLA QUE SE CONVOCAN AS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE PERSOAL TÉCNICO DE INVESTIGACIÓN NO MARCO DO PROXECTO CIENTÍFICO “ESTUDO DA RESPONSA INFLAMATORIA OS COMPOSTOS NUTRICIONAIS CRÍTICOS E A SÚA INFLUENCIA NA PRODUCCIÓN DE RADICAIS LIBRES”

A Fundación Rof Codina, M.P. (FRC ou Fundación) é unha institución sen ánimo de lucro, constituída o 19 de maio de 1994 en Lugo pola Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela.

Segundo consta nos seus Estatutos, entre as actividades da Fundación está a colaboración coa docencia, o fomento da investigación, a prestación de servizos clínicos a propietarios de animais e gandeiros, así como a asistencia técnica aos veterinarios e veterinarias.

Para o cumprimento dos seus fins, a Fundación xestiona o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVV-RC), un establecemento público no que se desenvolven parte das súas actividades, e o Centro de Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), no que se desenvolven accións docentes, investigadoras e formativas.

Que Luis Botana López, investigador vinculado á Fundación Rof Codina e responsable do grupo de investigación FARMATOX da USC, cunha ampla traxectoria no estudo da toxicidade de compostos químicos, a seguridade alimentaria e os mecanismos celulares implicados na resposta do organismo fronte a diferentes factores exógenos, considera prioritario abordar o papel dos compostos nutricionais críticos na regulación dos procesos inflamatorios e oxidativos. A evidencia científica actual sinala que determinados nutrientes e compostos bioactivos presentes na dieta poden influir significativamente na resposta inflamatoria e na produción de radicais libres, procesos estreitamente relacionados co desenvolvemento e progresión de múltiples patoloxías crónicas. Neste contexto, resulta de especial interese afondar nos mecanismos que relacionan o estado nutricional, a inflamación e o estrés oxidativo, co fin de mellorar o coñecemento dos factores que condicionan a saúde da poboación e identificar posibles estratexias de prevención baseadas na alimentación. Por todo iso, ten interese en promover o proxecto científico-técnico singular “Estudo da resposta inflamatoria, os compostos nutricionais críticos e a súa influencia na produción de radicais libres”.

Para o financiamento deste proxecto a Fundación Rof Codina asinou un convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia. Dentro das accións do convenio está o financiamento necesario para a contratación de persoal cualificado, posto que é necesario para o desenvolvemento deste proxecto, por iso, a Fundación precisa contratar persoal técnico, baixo a modalidade de contrato indefinido de actividades-científico-técnicas, que participe neste proxecto.

En virtude do exposto, e ao abeiro dos poderes que outorgados polo Padroado da Fundación en sesión ordinaria do 5 de marzo de 2026, a Xerencia da Fundación Rof Codina **RESOLVE:**

Único: convocar proceso selectivo para cubrir unha praza de persoal técnico de investigación no marco do proxecto “Estudo da resposta inflamatoria, os compostos nutricionais críticos e a súa influencia na produción de radicais libres” da Fundación Rof Codina, M.P., que se rexerá polas bases que se acompañan coa presente resolución.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na web da Fundación.



BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE UNHA PRAZA DE PERSOAL TÉCNICO DE INVESTIGACIÓN NO MARCO DO PROXECTO CIENTÍFICO “ESTUDO DA RESPOSTA INFLAMATORIA OS COMPOSTOS NUTRICIONAIS CRÍTICOS E A SÚA INFLUENCIA NA PRODUCCIÓN DE RADICAIS LIBRES”

1. Obxecto.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal para colaborar nas actividades e proxectos de investigación que figuran no anexo da presente convocatoria.

O procedemento de selección atende aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade, de conformidade co disposto no artigo 55 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e no artigo 17 do convenio colectivo do persoal da Fundación Rof Codina, do 10 de abril de 2025 («BOP» Lugo, núm. 149, do 1 de xullo de 2025).

2. Normas xerais.

Este proceso de selección réxese polo disposto no Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, o convenio colectivo do persoal da Fundación Rof Codina, do 10 de abril de 2025, na Lei 17/2022, de 5 de setembro pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación e, no que resulte de aplicación, polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro. Supletoriamente, rexerase polo disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O sistema de selección será o concurso.

3. Publicación da convocatoria.

A presente convocatoria na páxina web da Fundación dispoñible na ligazón seguinte: <https://www.rofcodina.org>.

4. Solicitude e prazo de presentación.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na web da FRC (<https://www.rofcodina.org>). A documentación complementaria presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.



O **prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria na web da FRC.

A presentación das solicitudes e a participación no proceso de selección supón o coñecemento e aceptación polas persoas aspirantes do disposto nas presentes bases.

5. Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas as persoas aspirantes, ademais de cumprir os **requisitos específicos** esixidos no anexo I desta convocatoria, deberán posuír no día de remate de presentación de solicitudes os seguintes **requisitos de carácter xeral**, e mantelos á data da formalización do contrato:

- a) Ter nacionalidade española. Poderán participar en igualdade de condicións que os españois:
 - Os/as nacionais dos Estados membros da Unión Europea.
 - Calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, que vivan ao seu cargo menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - As persoas estranxeiras que non estando incluídas nos parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións dos postos ofertados. Para estes efectos, a persoa aspirante declara, ao facer a solicitude de participación, que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto e que non padece enfermidade física nin psíquica que lle impida realizar as ditas tarefas.

6. Documentación a achegar coa solicitude.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, do pasaporte ou do documento acreditativo da súa identidade.
- b) Documento en formato PDF do currículo vitae, destacando os méritos que se establecen como criterios de valoración e que figuran no anexo I da convocatoria.
- c) Copia dos certificados e títulos xustificativos dos méritos alegados no currículo, incluída a experiencia laboral. Non se valorarán os méritos que non se atopen



suficientemente acreditados documentalmente nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

- d) Copia da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos seus estudos para a praza na que se valore o expediente académico nos méritos.
- e) Documentación acreditativa da experiencia profesional. Xustificarase con informe de vida laboral, contratos de traballo e/ou certificado/s de empresa onde conste a categoría, funcións desenvoltas e os períodos nos que se prestaron servizos.
- f) Declaración responsable, dispoñible na web da FRC (<https://www.rofcodina.org>), na que a persoa interesada manifesta que cumpre os requisitos e que pode acreditarlos na data fin de presentación de solicitudes.

A Fundación poderá requirir en calquera momento a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración, así como, a non presentación da documentación cando lle sexa requirida determinará a exclusión do proceso de selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

7. Listaxe de persoas admitidas.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Xerencia da Fundación Rof Codina ditará resolución declarando aprobada a **listaxe provisional** de admitidos e excluídos, que se poderá consultar na web da Fundación (<https://www.rofcodina.org>), con indicación no último caso das causas de exclusión.

As persoas aspirantes excluídas, disporán dun prazo de **dous (2) días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder **emendar** os defectos ou acompañar os documentos que motivaron a súa exclusión.

A emenda farase **unicamente** a través de vía electrónica.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Resoltas as reclamacións, ditarase resolución coa **listaxe definitiva** de persoas admitidas que se publicará na web da Fundación.

O feito de figurar na listaxe de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

8. Desenvolvemento do proceso selectivo.

O sistema de selección será o concurso e desenvolverase en dúas fases: valoración de méritos e entrevista persoal.

A puntuación máxima será de 100 puntos divididos nas dúas fases. A data de referencia dos méritos será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



A **fase de valoración de méritos, fase I**, será cualificada de 0 a 70 puntos desagregados como se especifica no Anexo I.

Finalizada a fase I do proceso de selección, a comisión de valoración fará pública, na mencionada páxina web da Fundación a relación de persoas aspirantes coa puntuación provisional obtida e o listado de persoas que acceden á fase II.

As persoas aspirantes disporán de **dous (2) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación, para presentar reclamacións ás puntuacións obtidas na fase I.

Para superar a fase I é necesario acadar un mínimo de 30 puntos.

A **fase de entrevista, fase II**, consistirá nunha entrevista persoal. A puntuación máxima desta proba será de **30 puntos**.

Para superar a fase II é necesario acadar un **mínimo de 15 puntos**.

A falta de presentación das persoas candidatas no día e hora que se sinala para a realización das probas, ou o abandono no transcurso destas, implicará a súa exclusión automática e definitiva do proceso de selección, agás por causa de forza maior debidamente xustificada, que será libremente apreciada pola comisión de valoración, sen que se xere dereito algún ao seu favor.

As persoas candidatas deberán presentarse provistas do DNI, ou documento acreditativo da súa identidade.

Os sucesivos anuncios de celebración da entrevista, xunto co criterio de valoración desta, será publicado na páxina web da Fundación: <https://www.rofcodina.org>, cun mínimo de 24 horas de antelación á súa celebración.

Concluído esta fase II, a comisión de valoración fará pública, na mencionada páxina web da Fundación a relación de persoas aspirantes que alcanzaron o mínimo establecido para superala, con indicación da puntuación obtida.

As persoas aspirantes disporán **de dous (2) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da realización do exercicio, para presentar **reclamacións** contra o resultado da fase II.

9. Resolución do proceso selectivo.

Finalizado o prazo para a presentación de reclamacións á fase II, publicarase na paxina web da Fundación a **resolución co resultado definitivo do proceso selectivo**. Esta resolución abranguerá a relación de persoas candidatas que superan a fase I de valoración de méritos, coa puntuación acadada, así como a puntuación acadada na fase II de entrevista. Ordenaranse pola puntuación final acadada, de maior a menor, resultado da suma das fases I e II.

En caso de empate, dirimirase de acordo cos seguintes criterios: en primeiro lugar, prevalecerá quen obtivera maior puntuación na fase II. En segundo lugar, de persistir o empate, prevalecerá quen obtivera maior puntuación na fase I. Por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

Contra a resolución antedita, as persoas aspirantes poderán interpoñer reclamación motivada perante a Comisión de Valoración no prazo máximo de **dous (2) días hábiles**.

Rematado o prazo anterior sen terse presentado reclamacións ou, unha vez resoltas as presentadas, a comisión elevará **a proposta de contratación á Xerencia e esta publicaráse na web da Fundación**.

A resolución definitiva publicaráse na páxina web da Fundación, na mesma indicaráse o prazo para que a persoa seleccionada formalice o contrato e unha lista de agarda para contratacións temporais elaborada coas persoas aspirantes que superen as dúas fases do proceso selectivo e non resultaran seleccionadas

10. Comisión de valoración.

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente: Luis Botana López, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela e profesor vinculado do HVU-Rof Codina.
- Secretario: Brais López Barro, técnico superior de Xestión da Universidade de Santiago de Compostela.
- Vogal: Almudena Graña Pena, responsable do Laboratorio do HVU-Rof Codina.

A comisión terá como función coordinar, executar e valorar o proceso de selección, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade. A comisión actuará con independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na apreciación da idoneidade das persoas candidatas en relación cos requisitos esixidos para o desempeño do posto. Así mesmo, a comisión será a encargada de resolver todas as cuestións de interpretación que poidan xurdir na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do proceso selectivo. De ser o caso, a comisión poderá propoñer o nomeamento de cantos asesores e especialistas considere oportuno para o axeitado desenvolvemento do proceso, que actuarán con voz pero sen voto.

Os membros da comisión, así como os asesores e especialistas que poidan ser nomeados, deberán absterse de intervir, notificándoo ao presidente ou presidente da comisión, cando concorran neles calquera das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros da comisión cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o artigo 24 da dita lei.

A pertenza a órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ningún.



Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente ou presidenta constituirase a comisión. Na sesión de constitución, a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da súa constitución, a comisión, para actuar validamente, requirirá a asistencia presencial ou a distancia do presidente ou presidenta e do secretario ou secretaria, e da metade, polo menos, dos seus membros.

11. Características dos contratos.

O persoal contratado a través desta convocatoria dedicarse en exclusividade á realización das actividades propias do proxecto/actividade de investigación que orixinase a convocatoria, polo que a duración da contratación está vinculada directamente á propia vida do proxecto/actividade específica así como á existencia de financiación concreta derivada do mesmo.

Establecerase un período de proba segundo se indique no anexo I.

As persoas seleccionadas que estean en posesión dun título estranxeiro deberán entregar, no momento de sinatura do contrato, a homologación no suposto de títulos que habiliten para unha profesión regulada, de conformidade co Real decreto 889/2022, de 18 de outubro, polo que se establecen as condicións e os procedementos de homologación, de declaración de equivalencia e de validación de ensinanza universitarias de sistemas educativos estranxeiros e polo que se regula o procedemento para establecer a correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior dos títulos universitarios oficiais pertencentes a ordenacións académicas anteriores.

A retribución bruta dos contratos é a especificada no anexo da convocatoria. Os importes contemplados poderán sufrir as variacións que establezan as normas que lles sexan de aplicación ou por causas sobrevidas non previstas inicialmente.

12. Disposicións finais.

A Fundación Rof Codina resérvase o dereito a realizar as xestións que considere oportunas para comprobar a veracidade e autenticidade da documentación xustificativa dos requisitos esixidos, así como de calquera outra, achegada polas persoas aspirantes que sexan seleccionadas con carácter previo á formalización do contrato. Calquera anomalía ou irregularidade detectada levará consigo, se é o caso, a exclusión automática e definitiva do proceso selectivo, da relación de aspirantes seleccionados e da lista de agarda, sen que se xere ningún tipo de dereito ao seu favor.

Durante o desenvolvemento do proceso, a comisión de valoración poderá realizar calquera comunicación ás persoas aspirantes por escrito ou telefonicamente, con base nos datos indicados na solicitude; por este motivo, as persoas interesadas comprométese a manter actualizados ditos datos durante o proceso de selección, comunicando con suficiente antelación calquera variación destes.

Con carácter previo á formalización do contrato de traballo, a Fundación requirirá a achega de todos os documentos que se consideren esixibles e que non foran entregados durante o proceso de selección.

A Fundación garante a absoluta confidencialidade de todos os datos derivados do proceso selectivo que afecten ás persoas aspirantes. Así mesmo, garántese a protección dos datos de carácter persoal, en cumprimento do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, no que resulten de aplicación.

En Lugo, na data da sinatura dixital.

O xerente da Fundación Rof Codina, M.P.
Antonio Cantalapiedra González

BASES REGULADORAS DEL PROCESO SELECTIVO PARA LA CONTRATACIÓN DE UNA PLAZA DE PERSONAL TÉCNICO DE INVESTIGACIÓN EN EL MARCO DEL PROYECTO CIENTÍFICO " ESTUDIO DE LA RESPUESTA INFLAMATORIA A LOS COMPUESTOS NUTRICIONALES CRÍTICOS Y A SU INFLUENCIA EN LA PRODUCCIÓN DE RADICALES LIBRES "

1. Objeto.

El objeto de la presente convocatoria es la selección de personal para colaborar en las actividades y proyectos de investigación que figuran en el anexo de la presente convocatoria.

El procedimiento de selección atiende a los principios de publicidad, igualdad, mérito y capacidad, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 55 del Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del empleado público, y en el artículo 17 del convenio colectivo del personal de la Fundación Rof Codina, del 10 de abril de 2025 («BOP» Lugo, núm. 149, del 1 de julio de 2025).

2. Normas generales.

Este proceso de selección se rige por lo dispuesto en el Real Decreto legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, el convenio colectivo del personal de la Fundación Rof Codina, de 10 de abril de 2025, en la Ley 17/2022, de 5 de septiembre por la que se modifica la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, Tecnología e Innovación y, en el que resulte de aplicación, por el Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre. Supletoriamente, se regirá por lo dispuesto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas y en la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público.

El sistema de selección será el concurso.

3. Publicación de la convocatoria.

La presente convocatoria se publicará en la página web de la Fundación disponible en la ligazón siguiente: <https://www.rofcodina.org>.

4. Solicitud y plazo de presentación.

La presentación de las solicitudes se realizará únicamente por medios electrónicos a través de los formularios normalizados disponibles en la web de la FRC (<https://www.rofcodina.org>). La documentación complementaria se presentará electrónicamente utilizando cualquier procedimiento de copia digitalizada del documento original. En este caso, las copias digitalizadas garantizarán la fidelidad con el original bajo la responsabilidad de la persona solicitante.

El **plazo de presentación de solicitudes será de tres (3) días hábiles** contados a partir del siguiente al de la publicación de esta convocatoria en el Diario Oficial de Galicia.

La presentación de las solicitudes y la participación en el proceso de selección supone el conocimiento y aceptación por las personas aspirantes de lo dispuesto en las presentes bases.

5. Requisitos de las personas aspirantes.

Para ser admitidas las personas aspirantes, además de cumplir los **requisitos específicos** exigidos en el anexo I de esta convocatoria, deberán poseer en el día de finalización de presentación de solicitudes los siguientes **requisitos de carácter general**, y mantenerlos a la fecha de la formalización del contrato:

- d) Tener nacionalidad española. Podrán participar en igualdad de condiciones que los españoles:
 - Los/as nacionales de los Estados miembros de la Unión Europea.
 - Cualquiera que sea su nacionalidad, el cónyuge de los españoles y de los nacionales de otros Estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho. Asimismo, con las mismas condiciones, podrán participar sus descendientes y los de su cónyuge, que vivan a su cargo menores de veintiún años o mayores de dicha edad dependientes.
 - Las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los Tratados Internacionales celebrados por la Unión Europea y ratificados por España en los que sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.
 - Las personas extranjeras que no estando incluidas en los párrafos anteriores se encuentren con residencia legal en España.
- e) Haber cumplido los dieciséis años y no exceder, en su caso, la edad máxima de jubilación forzosa.
- f) Poseer la capacidad funcional para el desempeño de las funciones de los puestos ofertados. A estos efectos, la persona aspirante declara, frente a la solicitud de participación, que posee la capacidad funcional para el desempeño de las tareas propias del puesto y que no padece enfermedad física ni psíquica que le impida realizar dichas tareas.

6. Documentación a aportar con la solicitud.

Las solicitudes deberán ir acompañadas de la siguiente documentación:

- g) Copia del DNI, del pasaporte o del documento acreditativo de su identidad.
- h) Documento en formato PDF del currículum vitae, destacando los méritos que se establecen como criterios de valoración y que figuran en el anexo I de la convocatoria.
- i) Copia de los certificados y títulos justificativos de los méritos alegados en el currículum, incluida la experiencia laboral. No se valorarán los méritos que no se encuentren



suficientemente acreditados documentalmente ni los presentados fuera del plazo establecido para la presentación de solicitudes.

- j) Copia de la certificación académica en la que consten las calificaciones obtenidas en sus estudios para la plaza en la que se valore el expediente académico en los méritos.
- k) Documentación acreditativa de la experiencia profesional. Se justificará con informe de vida laboral, contratos de trabajo y/o certificado/s de empresa donde conste la categoría, funciones desarrolladas y los períodos en los que se prestaron servicios.
- l) Declaración responsable, disponible en la web de la FRC (<https://www.rofcodina.org>), en la que la persona interesada manifiesta que cumple los requisitos y que puede acreditarlos en la fecha fin de presentación de solicitudes.

La Fundación podrá requerir en cualquier momento la exhibición de los documentos originales justificativos de los méritos y requisitos.

La inexactitud, falsedad u omisión de carácter esencial, de cualquier dato o información en la declaración, así como, la no presentación de la documentación cuando le sea requerida determinará la exclusión del proceso de selección y/o la no formalización del contrato de trabajo, sin perjuicio de las responsabilidades penales, civiles o administrativas a que dé lugar.

7. Listado de personas admitidas.

Finalizado el plazo de presentación de solicitudes, la Gerencia de la Fundación Rof Codina dictará resolución declarando aprobada **el listado provisional** de admitidos y excluidos, que podrá consultarse en la web de la Fundación (<https://www.rofcodina.org>), con indicación en el último caso de las causas de exclusión.

Las personas aspirantes excluidas, dispondrán de un plazo de **dos (2) días hábiles** contados a partir del siguiente al de la publicación de la citada resolución, para poder **subsana los defectos o acompañar los documentos que motivaron su exclusión**.

La enmienda se hará **únicamente** a través de vía electrónica.

Las personas aspirantes que, dentro del plazo señalado, no enmienden la exclusión o aleguen la omisión, justificando el derecho a ser incluidas en la relación de admitidos, serán definitivamente excluidos. Resueltas las reclamaciones, se dictará resolución **con el listado definitivo** de personas admitidas que se publicará en la web de la Fundación.

El hecho de figurar en el listado de admitidos no prejuzga que se reconozca a las personas interesadas la posesión de los requisitos exigidos, que tendrán que acreditarse en su momento.

8. Desarrollo del proceso selectivo.

El sistema de selección será el concurso y se desarrollará en dos fases: valoración de méritos y entrevista personal.

La puntuación máxima será de 100 puntos divididos en las dos fases. La fecha de referencia de los méritos será la de finalización del plazo de presentación de solicitudes.

La **fase de valoración de méritos, fase I**, y la calificada de 0 a 70 puntos desglosados como se especifica en el Anexo I.

Finalizada la fase I del proceso de selección, la Comisión de Valoración hará pública, en la mencionada página web de la Fundación la relación de personas aspirantes con la puntuación provisional obtenida y el listado de personas que acceden a la fase II.

Las personas aspirantes dispondrán de **dos (2) días hábiles**, contados a partir del día siguiente al de la publicación, para presentar reclamaciones a las puntuaciones obtenidas en la fase I.

Para superar la fase I es necesario alcanzar un mínimo de 30 puntos

La **fase de entrevista, fase II**, consistirá en una entrevista personal. La puntuación máxima de esta prueba será de **30 puntos**

Para superar la fase II es necesario alcanzar un **mínimo de 15 puntos**.

La falta de presentación de las personas candidatas en el día y hora que se señale para la realización de las pruebas, o el abandono en el transcurso de éstas, implicará su exclusión automática y definitiva del proceso de selección, salvo por causa de fuerza mayor debidamente justificada, que será libremente apreciada por la comisión de valoración, sin que se genere derecho alguno a su favor.

Las personas candidatas deberán presentarse provistas del DNI, o documento acreditativo de su identidad.

Los sucesivos anuncios de celebración de la entrevista, junto con el criterio de valoración de ésta, será publicado en la página web de la Fundación: <https://www.rofcodina.org>, con un mínimo de 24 horas de antelación a su celebración.

Concluido esta fase II, la comisión de valoración hará pública, en la mencionada página web de la Fundación la relación de personas aspirantes que han alcanzado el mínimo establecido para superarla, con indicación de la puntuación obtenida.

Las personas aspirantes dispondrán **de dos (2) días hábiles**, contados a partir del día siguiente al de la realización del ejercicio, para presentar **reclamaciones** contra el resultado de la fase II.

9. Resolución del proceso selectivo.

Finalizado el plazo para la presentación de reclamaciones a la fase II, se publicará en la página web de la Fundación la **resolución con el resultado definitivo del proceso selectivo**. Esta resolución abarcará la relación de personas candidatas que superan la fase I de valoración de



méritos, con la puntuación alcanzada, así como la puntuación alcanzada en la fase II de entrevista. Se ordenarán por la puntuación final alcanzada, de mayor a menor, resultado del sumatorio de las fases I y II.

En caso de empate, se dirimirá de acuerdo con los siguientes criterios: en primer lugar, prevalecerá quien obtuviera mayor puntuación en la fase II. En segundo lugar, de persistir el empate, prevalecerá quien obtuviera mayor puntuación en la fase I. Por último, de persistir el empate, se resolverá por sorteo.

Contra la resolución antedicha, las personas aspirantes podrán interponer reclamación motivada ante la Comisión de Valoración en el plazo máximo de **dos (2) días hábiles**.

Finalizado el plazo anterior sin haberse presentado reclamaciones o, una vez resueltas las presentadas, la Comisión elevará **la propuesta de contratación a la Gerencia y ésta se publicará en la web de la Fundación**.

La resolución definitiva se publicará en la página web de la Fundación, en la misma se indicará el plazo para que la persona seleccionada formalice el contrato y una lista de espera para contrataciones temporales elaborada con las personas aspirantes que hayan superado las dos fases del proceso selectivo y no hayan resultado seleccionadas.

10. Comisión de valoración.

La comisión de valoración estará integrada por los siguientes miembros:

- Presidente: Luis Botana López, catedrático de la Universidade de Santiago de Compostela y profesor vinculado del HVU-Rof Codina.
- Secretario: Brais López Barro, técnico superior de Gestión de la Universidade de Santiago de Compostela.
- Vocal: Almudena Graña Pena, responsable del Laboratorio del HVU-Rof Codina.

La comisión tendrá como función coordinar, ejecutar y valorar el proceso de selección, de acuerdo con los principios de igualdad, mérito y capacidad. La comisión actuará con independencia, confidencialidad y discrecionalidad técnica en la apreciación de la idoneidad de las personas candidatas en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto. Asimismo, la comisión será el encargado de resolver todas las cuestiones de interpretación que puedan surgir en la aplicación de las presentes bases y en el desarrollo del proceso selectivo. En su caso, la comisión podrá proponer el nombramiento de cuantos asesores y especialistas considere oportuno para el adecuado desarrollo del proceso, que actuarán con voz, pero sin voto.

Los miembros de la comisión, así como los asesores y especialistas que puedan ser nombrados, deberán abstenerse de intervenir, notificándolo al presidente o presidenta de la comisión, cuando concurra en ellos cualquiera de las circunstancias previstas en el artículo 23 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, del régimen jurídico del sector público. Asimismo, las



personas aspirantes podrán recusar a los miembros de la comisión cuando concurran dichas circunstancias, según el artículo 24 de dicha ley.

La pertenencia a órganos de selección será siempre a título individual y no podrá ejercitar en representación o por cuenta de nadie.

Previo convocatoria de la persona que actúe como presidente o presidenta se constituirá la comisión. En la sesión de constitución, la comisión acordará todas las decisiones que le correspondan para el correcto desarrollo del proceso.

A partir de su constitución, la comisión, para actuar válidamente, requerirá la asistencia presencial o la distancia del presidente o presidenta y del secretario o secretaria, y de la mitad, al menos, de sus miembros.

11. Características de los contratos.

El personal contratado a través de esta convocatoria se dedicará en exclusividad a la realización de las actividades propias del proyecto/actividad de investigación que haya originado la convocatoria, por lo que la duración de la contratación está vinculada directamente a la propia vida del proyecto/actividad específica, así como a la existencia de financiación concreta derivada del mismo.

Se establecerá un período de prueba según se indique en el anexo I.

Las personas seleccionadas que estén en posesión de un título extranjero deberán entregar, en el momento de firma del contrato, la homologación en el supuesto de títulos que habiliten para una profesión regulada, de conformidad con el Real Decreto 889/2022, de 18 de octubre, por el que se establecen las condiciones y los procedimientos de homologación, de declaración de equivalencia y de convalidación de enseñanzas universitarias de sistemas educativos extranjeros y por el que se regula el procedimiento para establecer la correspondencia al nivel del Marco Español de Cualificaciones para la Educación Superior de los Títulos Universitarios Especiales pertenecientes a ordenaciones académicas anteriores.

La retribución bruta de los contratos es la especificada en el anexo de la convocatoria. Los importes contemplados podrán sufrir las variaciones que establezcan las normas que les sean de aplicación o por causas sobrevenidas no previstas inicialmente.

12. Disposiciones finales.

La Fundación Rof Codina se reserva el derecho a realizar las gestiones que considere oportunas para comprobar la veracidad y autenticidad de la documentación justificativa de los requisitos exigidos, así como de cualquier otra, aportada por las personas aspirantes que sean seleccionadas con carácter previo a la formalización del contrato. Cualquier anomalía o irregularidad detectada llevará consigo, en su caso, la exclusión automática y definitiva del proceso selectivo, de la relación de aspirantes seleccionados y de la lista de espera, sin que se genere ningún tipo de derecho a su favor.

Durante el desarrollo del proceso, la comisión de valoración podrá realizar cualquier comunicación a las personas aspirantes por escrito o telefónicamente, en base a los datos indicados en la solicitud; por este motivo, las personas interesadas se comprometen a mantener actualizados dichos datos durante el proceso de selección, comunicando con suficiente antelación cualquier variación de éstos.

Con carácter previo a la formalización del contrato de trabajo, la Fundación requerirá la aportación de todos los documentos que se consideren exigibles y que no hayan sido entregados durante el proceso de selección.

La Fundación garante la absoluta confidencialidad de todos los datos derivados del proceso selectivo que afecten a las personas aspirantes. Asimismo, se gana la protección de los datos de carácter personal, en cumplimiento del Reglamento 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y a la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de los derechos digitales, en lo que resulten de aplicación.

En Lugo, en la fecha de firma digital.

El gerente de la Fundación Rof Codina, M.P.
Antonio Cantalapiedra González



ANEXO I

Referencia da praza:		
INVESTIGADOR ASOCIADO FARMACOLOXÍA III		
DATOS DA ACTIVIDADE PARA A QUE PRESTARÁ SERVIZOS		
Denominación	Investigador Asociado Farmacoloxía III	
Centro de Traballo	Hospital Veterinario Universitario Rof Codina de Lugo (HVU-RC)-Departamento Farmacoloxía	
CARACTERÍSTICAS DOS CONTRATOS		
Tipo de contrato	Contrato indefinido de actividades científico-técnicas, conforme o artigo 23 bis da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación	
Número de prazas	1	
Traballo a realizar	Análises de metais pesados en mostras biolóxicas	
Funcións que se vai realizar	Procesamento de mostras biolóxicas Procesamento de cortes histolóxicos Extracción e procesamento de mostras para análises de niveis de metais pesados	
Retribución bruta	Segundo o convenio laboral da Fundación Rof Codina («BOP» Lugo, núm. 149, do 1 de xullo de 2025)	
Duración do contrato	Indefinido de actividades científico-técnicas, conforme o artigo 23 bis da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación	
Período de Proba	Un (1) meses	
Data inicio prevista	A partir do día seguinte ó da data da resolución da Xerencia de selección	
Xornada laboral	De luns a venres de 10-14 h e 16-19 h.	
Categoría laboral	Facultativo/a	
REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN E REQUISITOS REQUIRIDOS		
Estar en posesión do título de licenciatura/Grao en Bioquímica.		
FASE I: Valoración de méritos		
Ítem nº 1	Nota media do expediente académico de Bioquímica: -Atribuirase a puntuación máxima a mellor nota, atribuíndo ao resto de notas puntuación de modo proporcional á nota máxima.	30
Ítem nº 2	Formación relacionada co posto de traballo	5
Ítem nº 3	Experiencia laboral relacionada co posto de traballo	35
Ítem nº 4	Publicacións relacionadas co posto de traballo	5
FASE II: Entrevista persoal		
	Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente ás persoas candidatas que na suma do resto dos méritos acadan un mínimo de 35 puntos.	30
	Puntuación máxima	100



ANEXO I

Referencia de la plaza:		
INVESTIGADOR ASOCIADO FARMACOLOGÍA III		
DATOS DE LA ACTIVIDAD PARA LA QUE PRESTARÁ SERVICIOS		
Denominación	Investigador Asociado Farmacología III	
Centro de Trabajo	Hospital Veterinario Universitario Rof Codina de Lugo (HVU-RC)-Departamento Farmacología	
CARACTERÍSTICAS DE LOS CONTRATOS		
Tipo de contrato	Contrato indefinido de actividades científico-técnicas, conforme al artículo 23 bis de la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación	
Número de prazas	1	
Trabajo a realizar	Análisis de metales pesados en muestras biológicas	
Funciones a realizar	Procesamiento de muestras biológicas Procesamiento de cortes histológicos Extracción y procesamiento de muestras para análisis de niveles de metales pesados	
Retribución bruta	Según el convenio laboral de la Fundación Rof Codina («BOP» Lugo, núm. 149, del 1 de julio de 2025)	
Duración del contrato	Indefinido de actividades científico-técnicas, conforme al artículo 23 bis de la Ley 14/2011, de 1 de junio, de la Ciencia, la Tecnología y la Innovación	
Período de Proba	Un (1) meses	
Fecha de inicio prevista.	A partir del día siguiente al de la fecha de la resolución de la Gerencia de selección	
Jornada laboral	De lunes a viernes de 10-14 h y 16-19 h.	
Categoría laboral	Facultativo/a	
REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS		
TITULACIÓN E REQUISITOS REQUERIDOS		
Estar en posesión del título de licenciatura/Grado en Bioquímica.		
FASE I: Valoración de méritos		
Ítem nº 1	Nota media do expediente académico de Bioquímica: -Se atribuirá la puntuación máxima a la mejor nota, atribuyendo al resto de notas puntuación de modo proporcional a la nota máxima.	30
Ítem nº 2	Formación relacionada con el puesto de trabajo	5
Ítem nº 3	Experiencia laboral relacionada con el puesto de trabajo	35
Ítem nº 4	Publicaciones relacionadas con el puesto de trabajo	5
FASE II: Entrevista persoal		
	Entrevista personal. La entrevista se realizará únicamente a las personas candidatas que en la suma del resto de los méritos alcanzan un mínimo de 35 puntos.	30
	Puntuación máxima	100